

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 8 DE SETEMBRO DE 2016,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da avenida Elena Quiroga a prol do Concello do Barco de Valdeorras.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Plan de inclusión dixital no eido da Administración local.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Decreto polo que se crea a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe), a Axencia Galega de Innovación (GAIN), Xesgalicia, Sociedad Gestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado, S.A.U. (Xesgalicia), Consorcio da Zona Franca de Vigo (Consortio), Vigoactivo Sociedad de Capital Riesgo de Régimen Simplificado, S.A. (Vigoactivo), Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga) e Peugeot Citroën

Automóviles España, S.A., para a posta en marcha dun foco de emprendemento no sector da automoción en Galicia (Business Factory Auto – BFA), por un importe total de dez millóns douscentos cincuenta mil euros (10.250.000,00 €) e a superación da porcentaxe e a exención de constitución de garantías no pagamento anticipado.

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza o Acordo entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Comunidade Autónoma de Galicia para fixar as condicións da adquisición de vacinas de calendario e outras.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre a actualización do cadro macroeconómico 2016 e escenario de gasto non financeiro 2017.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a resolución da convocatoria de axudas de aforro e eficiencia enerxética na Administración local.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do estado de execución das actuacións en infraestruturas educativas para o curso 2016/17.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre a situación do Programa de casas niño da Xunta de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL**

- Informe sobre a Orde pola que se modifica a Orde do 23 de decembro de 2015 (DOG do 29 de decembro de 2015), pola que se convocan as axudas para apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para os agricultores mozos e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de

Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

- Informe sobre a Orde pola que se aproba o Regulamento técnico específico de produción integrada de industrias de elaboración de viño.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DA AVENIDA ELENA QUIROGA A PROL DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS

- *Esta vía, cunha lonxitude de 400 metros, actúa como variante da N-536, ao seu paso polo núcleo de Viloira, e está delimitada entre a ponte de San Fernando, a estrada autonómica OU-121 e un cemiterio*
- *O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes mediante a sinatura da correspondente acta*
- *Corresponderanlle ao Concello do Barco de Valdeorras todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o cambio de titularidade da avenida Elena Quiroga a prol do Concello do Barco de Valdeorras.


O Concello do Barco de Valdeorras solicitou á Consellería de Infraestruturas e Vivenda o traspaso desta vía, que ten unha lonxitude de 400 metros. Neste sentido, a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), de acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á citada transferencia.

Esta vía actúa como variante da N-536, ao seu paso polo núcleo de Viloira, e está delimitada entre a ponte de San Fernando, a estrada autonómica OU-121 e un cemiterio.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes das entidades locais, logo do acordo das administracións afectadas. Os cambios de titularidade deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia.

O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes mediante a sinatura da correspondente acta.

Corresponderanlle ao Concello do Barco de Valdeorras, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular das estradas.



## A XUNTA ACHEGARÁ MÁIS DE 782.000 EUROS Á FEGAMP PARA IMPULSAR AS ACTUACIÓNS DO PLAN DE INCLUSIÓN DIXITAL A TRAVÉS DA REDE CEMIT

- *En 2017 impartiranse nestas aulas públicas 31.500 horas de formación gratuíta e prevese acadar os 65.000 usuarios rexistrados*
- *A Rede é un servizo fundamental para cumprir o obxectivo do Plan de inclusión dixital 2020 de incrementar en 8 puntos a porcentaxe de poboación que emprega a internet*
- *As actividades da Rede buscan reducir a fenda dixital, facilitar unha aprendizaxe permanente neste eido e contribuír á mellora da empregabilidade a través da formación tecnolóxica*

A Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) colaborarán de novo en 2017 para garantir que a capacitación dixital chegue a todos os galegos a través das actividades que desenvolve a Rede de aulas CeMIT.

Así se recolle nun convenio, aprobado hoxe polo Consello do Goberno galego, e que asinarán proximamente a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a Vicepresidencia e Consellería de Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fegamp.

Con este acordo garántese e continuidade e mellora dun dos instrumentos fundamentais do Plan de inclusión dixital de Galicia 2020 para reducir non só a primeira fenda dixital, a do acceso ás TIC, senón tamén a segunda fenda dixital, a das habilidades dixitais, facilitar unha aprendizaxe permanente neste eido e contribuír á mellora da empregabilidade.

### **Investimento**

O acordo establece que en 2017 a Amtega chegará aos concellos a través da Fegamp 782.774,70 euros para a realización de actividades en materia de inclusión dixital nas consideradas aulas de referencia da Rede. Este orzamento distribuirase atendendo a criterios de actividade das aulas, así como da poboación do concello.

O acordo inclúe a posibilidade de dispor dunha listaxe de aulas de reserva de xeito que, cando unha aula de referencia sexa baixa por vontade propia ou por incumprimento dos criterios establecidos, as aulas de reserva poderán pasar a ser aula de referencia sempre e cando cumplan os requirimentos de actividade.

### **Plan de inclusión dixital 2020**

Os obxectivos previstos da Rede para 2017 son impartir 31.500 horas de formación dixital gratuíta e acadar os 65.000 usuarios rexistrados.



As aulas CeMIT son un dos instrumentos fundamentais do Plan de inclusión dixital de Galicia 2020, que a Amtega puxo en marcha este ano para facilitar non só a alfabetización dixital senón tamén unha capacitación máis avanzada no eido das TIC.

O plan é unha estratexia cimentada na cooperación, no consenso e na implicación de todos os axentes do ecosistema dixital, que conta co apoio de 700 aliados dixitais e que mobilizará máis de 7 millóns de euros de fondos públicos ata 2020 para abordar tres obxectivos.

O primeiro, continuar reducindo a fenda dixital e crear hábitos de uso das TIC entre aqueles que non as empregan. O plan busca incrementar en 8 puntos (do 67% no día de hoxe ao 75% en 2020) a porcentaxe da poboación galega que acceda a Internet habitualmente.

En segundo lugar, incrementar os coñecementos dixitais dos que xa empregan as TIC. O Plan reforzará os itinerarios formativos avanzados e o asesoramento á busca de emprego co apoio das TIC e, ademais, difundirá as oportunidades de emprego que ofrece o sector tecnolóxico.

O terceiro obxectivo é fomentar o uso das TIC como unha forma innovadora de resolución dos desafíos sociais, grazas a iniciativas de innovación social dixital.

### **204.000 horas de formación e preto de 58.000 usuarios en 5 anos**

A rede CeMIT conta cun total de 98 aulas, presentes en 92 concellos. Desde a súa posta en marcha pola Amtega, hai cinco anos, a Rede leva impartidas máis de 204.000 horas de formación gratuíta, principalmente en alfabetización e capacitación dixital a preto de 58.000 usuarios rexistrados.

A rede ofrece tamén formación especializada por colectivos grazas á súa colaboración coa co Centro Demostrador TIC, o Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia e a Escola Galega de Administración Pública, retransmitindo xornadas e actividades a través da súa rede de videoconferencias.

Ademais, desde 2014, CeMIT é a rede habilitada para acreditar á cidadanía a certificación galega de competencias dixitais en ofimática (Codix), da cal xa se examinaron máis de 1.900 persoas.

## **MEDIO AMBIENTE INICIA A TRAMITACIÓN DO ANTEPROXECTO DE DECRETO PARA A CREACIÓN DA REDE DE RESERVAS DA BIOSFERA DE GALICIA**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que a Consellería de Medio Ambiente pon en marcha os trámites para crear esta rede co obxectivo de harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural*
- *A creación desta nova figura reforzará a posta en valor das reservas da biosfera como elementos que contribúen ao desenvolvemento sustentable e á mellora do benestar da poboación*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou o acordo polo que se inicia a tramitación do anteproxecto do decreto para a creación da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia.

As reservas da biosfera son territorios cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza.

Na actualidade en Galicia existen seis espazos declarados pola Unesco como reservas da biosfera, que son: Terras do Miño, Área de Allariz, Os Ancares Lucenses en Montes de Navia, Cervantes e Becerreá, Río Eo, Oscos e Terras de Burón, Transfronteiriza Gêres-Xurés, Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. En total, estas zonas suman 77.834,3 ha.

Desde o Goberno galego deféndese que a existencia dunha rede garantizará a cooperación entre reservas e permitirá a súa interacción e a súa actuación como unha auténtica rede de aprendizaxe do desenvolvemento sustentable.

A creación dunha Rede de Reservas da Biosfera de Galicia reforzará a posta en valor das reservas da biosfera como elementos que contribúen ao desenvolvemento sustentable e á mellora do benestar da poboación.

Así, os obxectivos fundamentais do proxecto son a creación de novos vínculos entre as reservas da biosfera declaradas en Galicia e o reforzamento dos xa existentes, propiciando a colaboración entre todas as reservas integrantes da Rede e fomentando a súa colaboración na realización de proxectos comúns.

Deste xeito tamén se cumpre cos contidos do Marco estatutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera, no que se regula a participación en rede ao considerar que se debe propiciar a constitución e cooperación de subredes rexionais.



Nese sentido, preténdese reforzar e pór en valor as reservas da biosfera de Galicia, como elementos que contribúen ao desenvolvemento sustentable e á mellora do benestar da poboación, así como promover o coñecemento e difusión dos valores das reservas da biosfera de Galicia. Ao mesmo tempo, o funcionamento en rede das reservas da biosfera de Galicia permitirá establecer sinerxías e colaborar con outras redes territoriais ou temáticas do programa Home e biosfera.

## A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á BUSINESS FACTORY AUTO PARA IMPULSAR A ACELERACIÓN DE 50 PROXECTOS INNOVADORES NA AUTOMOCIÓN GALEGA

- *A iniciativa, que xerará investimentos de máis de 20 millóns de euros, desenvolverase ata 2020 ao abeiro dun convenio entre a Xunta, o Consorcio Zona Franca de Vigo, Ceaga e PSA Group*
- *Este foco de emprendemento sectorial, enmarcado na Axenda da competitividade Galicia-industria 4.0, comezará a funcionar o próximo 14 de setembro, día en que se abrirá o prazo para que se presenten propostas*
- *Poderán participar na BFA, tanto en fase de aceleración como de consolidación, emprendedores con proxectos innovadores, con vocación exportadora e con potencial para fortalecer o sector*
- *A BFA busca converterse nun centro de referencia internacional para dar resposta aos desafíos globais da industria automobilística, actuando sobre eidos como a fábrica intelixente, a loxística 4.0 ou o coche conectado*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a posta en marcha da Business Factory Auto (BFA), un foco de emprendemento innovador especializado no ámbito da automoción, que apoiará nos vindeiros catro anos 50 iniciativas neste sector de relevancia estratéxica para Galicia. A BFA, enmarcada na Axenda de competitividade de Galicia-Industria 4.0, busca converterse nun centro de referencia internacional para dar resposta aos desafíos globais da industria automobilística, actuando sobre eidos como a fábrica intelixente, a loxística 4.0, as comunicacións vehículo a vehículo, o coche conectado, a eficiencia no motor, a reparación automática, o GPS e localización e a conducción segura.

Cun orzamento global de 10,25 millóns de euros, dos cales a Xunta achegará 8,45 millóns, desenvolverase durante os catro próximos anos en sucesivas convocatorias de aceleración e consolidación, ao abeiro dun convenio entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, o Consorcio Zona Franca de Vigo por si mesmo e a través de Vigo Activo, Ceaga e PSA Group. Estímase que o proxecto xerará investimentos superiores aos 20 millóns de euros.

Ademais de colaborar en todo o proceso, cada un dos asinantes do convenio de colaboración desenvolverá un labor específico e complementario. Neste senso, o Igape cofinanciará o orzamento operativo da BFA, mentres que Gain apoiará o financiamento dos proxectos nas fases de aceleración, e Xesgalicia apoiará as iniciativas tanto nas fases de aceleración como de consolidación, mediante préstamos participativos ou participación no capital. Pola súa parte, o Consorcio da Zona Franca cederá as instalacións que acollerán a BFA, que nunha primeira fase se situará nunha área de *coworking* de 200 metros cadrados na primeira planta do Edificio Tecnolóxico

Aerospacial, no porto do Molle; e a través de VigoActivo participará no financiamento dos proxectos mediante préstamos participativos ou capital na fase de aceleración.

Mentres, Ceaga asume a coordinación e liderado executivo da iniciativa, ademais de achegar apoio na formación aos proxectos, e PSA facilitará visitas dos emprendedores tanto á planta de Vigo como á dirección de innovación do grupo en París. A demanda dos emprendedores poderá facilitar a participación de expertos temáticos do grupo PSA en áreas tecnolóxicas clave.

Poderán participar na BFA, tanto en fase de aceleración como de consolidación, emprendedores con proxectos innovadores, con vocación de internacionalización e con potencial para fortalecer o sector da automoción en Galicia. A iniciativa desenvolverase ao redor de convocatorias de carácter anual, con programas de aceleración de 9 meses de duración e programas de consolidación, de 12 meses de duración, aos cales se pode acceder ou ben directamente polo seu grao de desenvolvemento ou tras a súa participación na fase de aceleración. A primeira convocatoria arrancará o día 14 de setembro, día en que se abrirá o prazo para que se presenten propostas.

A BFA completa a aposta da Xunta polas aceleradoras de proxectos empresariais, con iniciativas que abranguen todo tipo de proxectos e localizacións territoriais. Así, está a pór en marcha os espazos *coworking* coa Fundación EOI en Ferrol, Mondoñedo, Monforte, Celanova, Xinzo e Cabana de Bergantiños, e lanzou Agrobiotech, unha aceleradora especializada para impulsar o desenvolvemento de empresas con gran potencial en ámbitos como a biotecnoloxía, a agroalimentación e a biomasa, con sedes en Lugo e Ourense. Ademais, a Xunta participa en Vía Galicia, unha aceleradora de emprendemento innovador en colaboración co Consorcio da Zona Franca, con sedes en Vigo e Lugo, e colabora con Telefónica en Galicia Open Future, dedicada en Santiago ao emprendemento tecnolóxico, e con Vodafone en Connecting for Good Galicia.

## **SANIDADE INVISTE 25,5 MILLÓNS DE EUROS NA COMPRA DE VACINAS PARA O PROGRAMA GALEGO**

- ***Comprende a compra de 21 tipos de vacinas -6 máis que no anterior- que se utilizarán no Programa galego de vacinación***

O Consello da Xunta autorizou o expediente de gasto para a subministración á Consellería de Sanidade de vacinas por un importe de 25,5 millóns de euros, derivado do acordo marco do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Este contrato comprende a compra de 21 tipos de vacinas -6 máis que no anterior- que se utilizarán no Programa galego de vacinación, tanto no calendario de vacinación sistemática infantil como na vacinación destinada a determinados colectivos en situacións específicas ou grupos de risco para os anos 2017-2019, con posibilidade de prórroga en 2020.

O obxectivo é asegurar a continuidade do Programa galego de vacinacións, que fixo desaparecer practicamente moitas das enfermidades típicas da infancia como o sarampelo, a poliomielite, a difteria, así como manter en niveis case inexistentes outras enfermidades como o tétano, a hepatite B e moitos tipos de meninxite. Este programa constitúe uns dos grandes avances da saúde pública no século pasado que se está a impulsar e mellorar neste, coa posible introdución de novos antíxenos.

Nunha primeira fase do acordo o Ministerio regula a fixación dos prezos máximos e establece as bases que rexerán os contratos derivados en cada comunidade autónoma. Unha vez rematada esta primeira fase, procederá á execución do contrato derivado do acordo marco nesta comunidade autónoma.

## A XUNTA ELEVA O CRECEMENTO DO PIB GALEGO EN 2016 AO 3% E PREVÉ UN TEITO DE GASTO PARA 2017 DE 9.039 MILLÓNS, UN 2,7% MÁIS

- *O Goberno galego actualiza o cadro macroeconómico de Galicia para o período 2016-2017 e elabora unha estimación do límite de gasto non financeiro*
- *Dispor dunha previsión de teito de gasto permitirá avanzar no deseño dos eixes prioritarios e actuacións do orzamento da Xunta para 2017*
- *O obxectivo é que a parálise a nivel estatal afecte o menos posible a elaboración das contas autonómicas para o vindeiro ano*
- *A estimación da Xunta supón incrementar en 235 millóns de euros o gasto incluído no orzamento vixente*
- *A revisión á alza do cadro macro está motivada polo mellor comportamento da economía galega e, en particular, do consumo interno e das exportacións*
- *Tamén mellora a previsión da taxa de paro, que baixa case un punto*
- *A estimación para Galicia é unha décima superior á do Goberno para España (2,9%)*
- *Para o vindeiro ano prevese un crecemento do 2,3% polo efecto negativo do Brexit, na mesma liña que no conxunto de España*

A Xunta de Galicia prevé que a economía galega medre en 2016 unha media do 3% en taxa interanual, o que supón que o PIB autonómico creza cinco décimas máis que o previsto nos orzamentos vixentes. Ademais, o Executivo autonómico estima que o teito de gasto para 2017 medre ata os 9.039 millóns de euros, un 2,7% máis que o gasto incluído nos orzamentos do actual exercicio.

Segundo figura nun informe abordado hoxe no Consello da Xunta, o Goberno galego actualizou o cadro macroeconómico incluído nos orzamentos para o actual exercicio. Ao mesmo tempo, a Xunta conta xa cunha previsión de teito de gasto para 2017, o que permitirá avanzar no deseño dos eixes prioritarios e nas actuacións do orzamento da Comunidade Autónoma para o vindeiro ano.

O Goberno galego prevé que o límite de gasto para 2017 ascenda a 9.039 millóns de euros. Isto supón un incremento de 235 millóns sobre o orzamento vixente (8.804 millóns), aínda que a capacidade de gasto real medraría aínda máis tendo en conta que se volverá reducir o capítulo de gasto financeiro. Destes 9.039 millóns, 8.719 son ingresos non financeiros, 297 proceden do cumprimento do obxectivo de déficit e 22 millóns de axustes de contabilidade nacional.

O obxectivo da Xunta é que a parálise política a nivel estatal afecte o menos posible á elaboración das contas autonómicas para o vindeiro ano. O 2016 foi o primeiro exercicio en que Galicia non puido aprobar un teito de gasto, dado que a Administración do Estado non comunicou as entregas á conta que recibirá cada comunidade en 2017.

### **Previsión á alza**

De xeito paralelo, a Xunta actualizou o seu cadro macroeconómico. Este establecía unha previsión de crecemento do PIB galego para 2016 do 2,5% e unha taxa de paro do 18,3%. Coa actualización do cadro que realiza o Instituto Galego de Estatística (IGE), a nova estimación do PIB galego para este ano medra ao 3%, cinco décimas máis que a vixente.

Esta previsión para 2016 é unha décima superior á estimación do Goberno para o PIB de España, que é do 2,9% logo da última modificación do cadro macroeconómico de España aprobada polo Consello de Ministros o pasado 29 de xullo.

### **Menor taxa de paro**

Respecto da taxa de paro, a nova previsión da Xunta mellora este indicador en 2016 ao 17,4%, case un punto menos que a estimación vixente ata agora para o presente ano (18,3%). A previsión para Galicia é 2,3 puntos menor que a estimación actualizada polo Goberno para o conxunto de España, do 19,7%.

Esta mellora das previsións susténtase na mellor evolución do consumo interno -tal como están reflectindo os principais indicadores coxunturais- e no bo comportamento da demanda exterior, posto que as exportacións van camiño de acadar un novo récord histórico en 2017.

De feito, os últimos datos de contabilidade trimestral publicados a finais de agosto polo IGE confirman a consolidación da recuperación da economía galega. O PIB autonómico xa está a medrar a un ritmo anual do 3% -o máis elevado desde principios de 2008-, e no segundo trimestre a economía galega creceu un 0,8%.

O procedemento ordinario da Xunta é publicar unha actualización do cadro macroeconómico de Galicia no verán. Isto coincidía todos os anos coa aprobación do teito de gasto non financeiro para o seguinte exercicio. Este ano, pese á imposibilidade que teñen as comunidades autónomas de poder aprobar un teito de gasto, o Goberno galego actualiza igualmente o seu cadro macroeconómico do exercicio.

### **Efecto negativo do Brexit**

A actualización do cadro macroeconómico tamén inclúe as previsións para 2017. A Xunta prevé para o dito exercicio que o PIB galego medre un 2,3%, un crecemento inferior ao deste ano como consecuencia principalmente do efecto do Brexit. Esta previsión tamén coincide coa do Goberno do Estado para o conxunto de España.

A previsión de taxa de paro de Galicia para 2017 estima unha baixada de case dous puntos respecto ao ano anterior, ata diminuír ao 15,6%. Deste xeito, Galicia manterá



un diferencial positivo na taxa de paro de España de 2,2 puntos o vindeiro exercicio, dado que a estimación de paro para o conxunto do Estado é do 17,8%.

Con este novo cadro macroeconómico, a Xunta mantén a senda trazada no Plan estratéxico de Galicia (PEG), tanto na evolución positiva da taxa de paro como no crecemento do PIB. De feito, no PEG prevese un crecemento medio do PIB de arredor do 2,5%, e a media do período 2016-2017 quedaría sobre o 2,7%

## A XUNTA DEDICA 3,4 MILLÓNS DE EUROS A 300 PROXECTOS QUE RENOVARÁN A ILUMINACIÓN PÚBLICA E A CALEFACCIÓN EN 118 CONCELLOS GALEGOS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria mobiliza 7,6 millóns a través deste programa, que permitirá ás administracións públicas un aforro económico similar ao consumo eléctrico anual de 1.700 familias, así como unha redución das emisións de CO<sub>2</sub> equivalente a plantar cada ano máis de 100.000 árbores*
- *Este ano triplicanse as axudas concedidas porque, ademais da iluminación pública exterior, se inclúen colaboracións do Inega para renovar a rede interior e a calefacción dos edificios municipais*
- *Dá continuidade aos apoios realizados desde 2009 e que permitiron a mobilización de 30,8 millóns de euros para a execución de máis de 700 proxectos na práctica totalidade dos concellos galegos*
- *As axudas súmanse á Estratexia integral de impulso da biomasa, que desde a súa posta en marcha en 2014 contribúe á colocación de 3.000 caldeiras en entidades públicas, empresas, organismos sen ánimo de lucro e particulares*

A Xunta de Galicia, na procura de medidas de aforro e eficiencia enerxética a nivel local e dentro do seu compromiso de prestar apoio económico aos concellos, aproba a concesión de axudas por valor de preto de 3,4 millóns de euros para a execución de 302 proxectos nun total de 118 municipios galegos, o que supón a mobilización final de 7,6 millóns. Coa execución destes proxectos acadarase un aforro económico conxunto similar ao consumo eléctrico anual de 1.700 familias e unha redución das emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera equivalentes a plantar cada ano máis de 100.000 árbores, ao tempo que se creará emprego.

Este ano, a liña de axudas para a renovación de iluminación pública exterior diferénciase de edicións anteriores -nas cales se dá prioridade aos concellos de menos de 10.000 habitantes- en que se suma tamén a renovación das instalacións de iluminación interior e de calefacción dos edificios municipais, o que permite case triplicar o importe das subvencións con respecto a 2015.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), achegará apoios do 75% do investimento que se vai realizar. As actuacións que se levarán a cabo céntranse sobre todo na mellora da iluminación pública exterior dependente dos concellos, eido que supón, de media, o 70% do consumo eléctrico dun municipio, ademais de buscar a mellora das instalacións enerxéticas dos edificios públicos. Así, reducirase o gasto enerxético en máis de 6.000 MWh/ano, o que supón un aforro económico para os concellos de preto de 7 millóns de euros durante os dez primeiros anos de vida útil dos equipamentos. Ademais, reduciranse as emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera en máis de 2.000 toneladas por exercicio.

A Xunta dá continuidade ao traballo desenvolvido nos últimos 7 anos a través desta liña de axudas xestionada polo Inega. Así, desde 2009 permitiu mobilizar 30,8 millóns de euros entre case a totalidade de concellos galegos, que puideron acceder a axudas para renovar os seus equipamentos por outros máis eficientes, desenvolvendo 733 proxectos que supoñen aforros de ata un 50% no custo da factura eléctrica dos beneficiarios.

A Xunta segue a apostar pola eficiencia enerxética nos municipios galegos; un compromiso reforzado con outras actuacións, como a Estratexia integral de impulso da biomasa, que desde a súa posta en marcha en 2014 supuxo a mobilización de 38 millóns de euros en investimentos e permitirá nos tres últimos anos a colocación de 3.000 caldeiras en administracións públicas, empresas, entidades sen ánimo de lucro e particulares, cunha potencia instalada global de 120 MWh, o aforro de 15 millóns de litros de gasóleo ao ano e a redución das emisións de 47.000 toneladas anuais.

Con estas liñas de axuda, o Goberno galego segue a apostar polo aforro e a eficiencia enerxética municipal, así como polo fomento da utilización de fontes renovables. Este esforzo complementábase co asesoramento enerxético de carácter multidisciplinar que o Inega presta aos concellos.

## CULTURA E EDUCACIÓN ADXUDICOU XA O 90,2% DAS OBRAS PROGRAMADAS EN CENTROS EDUCATIVOS

- *O departamento educativo da Xunta dá por finalizadas 547 intervencións, o 77% das 715 previstas no Plan de infraestruturas 2016/2020, RAM e Fondo de Superávit*
- *A través destes 3 eixes actúase en 2 de cada 3 concellos de Galicia, e no 50% do total dos centros educativos, o que beneficia máis de 162.000 alumnos*
- *Nas actuacións adxudicadas e executadas nos últimos 4 meses participan un total de 644 empresas, o que supón carga de traballo para máis de 5.000 traballadores*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria adxudicou xa o 90,21% das actuacións previstas nos tres eixes de actuación a través dos que se programan obras: o Plan de infraestruturas para o período 2016/2020, o Fondo de Superávit de Responsabilidade (con que o Goberno central recompensou a nosa Comunidade por ter cumprido o obxectivo de déficit) e as actuacións de reforma, ampliación e mellora (RAM).

Segundo o informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, adxudicáronse 645 actuacións do total das 715 programadas ao abeiro dos devanditos 3 eixes, o que supuxo a supervisión de máis de 100 proxectos. Cómpre sinalar que o número de obras inicialmente previstos era de 683, cifra que puido incrementarse grazas aos habituais axustes das cantidades previamente orzadas que se producen na adxudicación. Ademais, están xa finalizadas 547 obras, o 77% do total.

O importe total do adxudicado ata o momento ascende a case 38,2 millóns de euros do total dos 57,2 orzados. Por tipo de procedemento, máis do 50% foi adxudicado por procedemento aberto. Por tipo de actuación o máis numeroso é a obra nova (37,1% do total), seguido das ampliacións en centros de FP (13,5%) e das intervencións en cubertas (9,3%).

### Concellos e alumnos beneficiados

Ao abeiro destes 3 programas de actuación, a Consellería de Cultura e Educación actúa nun total de 222 concellos de Galicia —2 de cada 3—, e en 542 centros educativos públicos, o 50% dos existentes. Benefíciense destas medidas máis de 162.000 alumnos, o que supón o 57% do total.

### Impulso da actividade económica

Segundo o informe, nas actuacións adxudicadas e executadas nos últimos 4 meses participan un total de 644 empresas, o que supón carga de traballo para máis de 5.000 traballadores nun volume de compra a provedores de 11,4 millóns de euros. Ademais,

as empresas contratadas foron, en máis do 90% dos casos, pemes con domicilio en Galicia.

### **Obras pendentes**

Cabe lembrar, no referido ás principais actuacións aínda non adxudicadas, que aínda faltan as de construción de novos centros educativos – algunhas delas plurinuais – como o novo CEIP de Mesoiro (3,5 millóns de euros, proxecto en fase de adxudicación, pola demora na posta á disposición dos terreos por parte do Concello), o CEIP Sagrado Corazón de Lugo (2,9 millóns de euros), o novo aulario do CPI Conde de Fenosa (1,2 millóns de euros) ou a ampliación do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao (Navia, Vigo, 1,7 millóns de euros. Primeira fase xa adxudicada, segunda aínda pendente, pola demora na posta á disposición dos terreos por parte do Concello).

Ademais, están pendentes dos trámites que deben realizar os concellos os casos do Sagrado Corazón en Lugo e do Conde de Fenosa en Ares, así como do novo CEIP de Cruceiro (Sanxenxo) e o pavillón do Julio Gurriarán (O Barco de Valdeorras). Por outra parte, están en redacción xa os proxectos para a ampliación de aulas de FP no IES Monteneme (Carballo, 350.000 euros), no CIFP Ánxel Casal-Montealto (A Coruña, 130.300 euros), no IES Johan Carballeira (Bueu, 250.000 euros), e para a ampliación das aulas de bacharelato no IES de Ames (500.000 euros).

### **Equipamento e material**

A maiores dos devanditos 57,2 millóns, a consellería investiu este ano máis de 1,9 millóns de euros en equipamento, tanto para a impartición de ciclos de FP como en mobiliario e para a adquisición de material de robótica para que o empregue o alumnado de ESO e bacharelato en materias como a programación, no marco do compromiso da consellería co fomento das vocacións STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñerías e matemáticas).

Así mesmo, destináronse case 5,2 millóns de euros para garantir a subministración de gasóleo a 904 centros educativos de toda Galicia.

## A XUNTA DE GALICIA SUBVENCIONA A POSTA EN MARCHA DE 30 CASAS NIÑO NO RURAL

- *Están destinadas á atención de nenas e nenos de 3 meses a tres anos de idade nos concellos de menos de 5.000 habitantes nos cales non existe ningún outro recurso de atención continuada á infancia de 0-3 anos*
- *Trátase dun recurso pioneiro en Galicia que proporcionará 150 novas prazas e para o que a Consellería de Política Social destina un total de 2,5 millóns de euros*
- *A provincia da Coruña terá dúas casas niño, a de Lugo 7, a de Ourense 17 e a de Pontevedra, 4*
- *Estes fogares ofrecerán unha atención integral e personalizada con carácter gratuíto na modalidade de atención diúrna de luns a venres*
- *As axudas subvencionan tanto a reforma e adaptación da vivenda e o seu equipamento e dotación material como a atención profesional prestada*
- *Con esta medida preténdese crear recursos de conciliación para as familias e oportunidades para atraer poboación nova ao rural galego e fomentar o reequilibrio territorial. Ademais, supón un impulso e apoio para as fórmulas de autoemprego e de economía social*

Galicia contará con 30 casas niño subvencionadas pola Xunta de Galicia destinadas á atención de nenas e nenos de 3 meses a 3 anos de idade. Estes establecementos situaranse nos concellos de menos de 5.000 habitantes nos cales non existe ningún outro recurso de atención continuada á infancia de 0 a 3 anos.

No Consello da Xunta celebrado esta mañá deuse conta do informe de situación do Programa de casas niño, que recibiu un total de 49 solicitudes. Delas, foron 40 as que cumpriron os requisitos para ser valoradas e concedéronse un total de 30 axudas para poñer en marcha ata o ano 2019 outras tantas casas niño, co que se executa totalmente o crédito consignado na convocatoria para o desenvolvemento da experiencia piloto.

A provincia da Coruña contará con casas niño en Cerdido e Frades; Lugo terá un total de 7 nos concellos de Begonte, Castroverde, O Corgo, Láncara, As Nogais, Portomarín e Xermade; na provincia de Ourense estableceranse 17 nos concellos de Amoeiro, Baños de Molgas, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Entrimo, A Gudiña, Leiro, Lobios, Manzaneda, Maside, Monterrei, Piñor, Porqueira e A Veiga; e outras 4 casas niño situaranse en Dozón, A Lama, Mondariz e Pazos de Borbén, na provincia de Pontevedra.

As casas niño conforman un recurso que se pon en marcha por primeira vez en Galicia a través dunha experiencia piloto que permitirá garantir a futura posta en marcha eficiente de servizos de conciliación formalmente regulados.



Cada casa niño atenderá un máximo de 5 nenos/as, de xeito flexible e con garantías de seguridade e calidade, dado que se exige unha formación ou experiencia profesional específica e impóñense requisitos e normas de seguridade nas casas. Estes fogares ofrecerán unha atención integral e personalizada con carácter gratuito na modalidade de atención diúrna de luns a venres. A atención prestada comprenderá a atención específica das necesidades básicas de alimentación, hixiene e descanso de acordo coa idade e a contribución ao desenvolvemento físico, motor, afectivo, intelectual e social do neno ou nena.

As persoas beneficiarias cumpren unha serie de requisitos como que estar en posesión ou contar cunha persoa socia co título de técnico/a superior en educación infantil, co grao en mestre/a de educación infantil ou primaria, grao en pedagogía, psicoloxía ou educación social. Así mesmo, optaron ás axudas aquelas persoas que posúen o diploma que acredite ter realizado o curso de formación integral ou o curso de formación complementaria para futuros/as profesionais das casas niño impartidos pola Xunta de Galicia, así como aquelas que presentaron formación acreditada en áreas relacionadas coa atención á infancia e coidados infantís, ou experiencia profesional acreditada neste ámbito.

Por outra banda, os beneficiarios das axudas residen nun núcleo rural no cal non existe ningún recurso de atención continuada á infancia de ata 3 anos de idade e contan cunha vivenda dotada con sistema de calefacción con protección dos elementos calefactores; unha sala con iluminación e ventilación naturais e un mínimo de 4 metros cadrados por menor; unha zona diferenciada para o descanso e a hixiene infantil e unha zona para a preparación, almacenamento e conservación de alimentos; elementos de protección de enchufes, portas e ventás; e un mobiliario e equipamento básico para a atención das nenas e nenos. Ademais, deberán dispor dun plan de actuación cos nenos e nenas para atender eventuais emerxencias que se poidan producir na casa niño.

As axudas concédense en réxime de concorrencia competitiva prestando atención, ademais de ao número de nenos e nenas que poderían beneficiarse do recurso, a factores como a dispersión xeográfica e ao envellecemento da poboación para contribuír á revitalización demográfica e á cohesión territorial. Así mesmo, para contribuír á integración laboral de persoas en situación de especial protección, reciben unha puntuación adicional as persoas paradas de longa duración, as menores de 35 anos e maiores de 55 anos, as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (sempre que esta sexa valorada como compatible co desempeño da actividade subvencionada polo órgano competente da Administración Autonómica) e as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Esta convocatoria de axudas subvencionará a reforma e adaptación da vivenda destinada a servir de casa niño, así como o seu equipamento e dotación material e a prestación da atención personalizada de nenos e nenas de 0-3 anos. As axudas para gastos de investimento serán de ata o 100% dos gastos, cun límite máximo global por casa niño de 15.000 euros. A achega pola prestación da atención personalizada consiste nunha prima de 19.600 euros/ano, destinada a apoiar esta iniciativa emprendedora no inicio da súa andadura. A convocatoria conta cun orzamento global de 2,5 millóns de euros destinados ao desenvolvemento deste proxecto ata o 31 de decembro de 2019, nun máximo de 30 casas niño.

As persoas beneficiarias dispoñen dun prazo máximo de dous meses, a partir da recepción da resolución da concesión, para acreditar o cumprimento de todos os requisitos e pór a casa niño en marcha.

Este recurso proporcionará 150 novas prazas de atención á infancia de 0 a 3 anos no rural galego, e con ela preténdese crear recursos de conciliación para as familias e oportunidades para atraer poboación nova ao rural galego, fomentar o reequilibrio territorial, favorecer a equidade no acceso aos servizos con independencia do lugar de residencia, así como pór en valor cualificacións maiormente posuídas polas mulleres, o que favorece o seu acceso ao mercado laboral e a súa permanencia no territorio. Ademais, impúlsanse e apóianse as fórmulas de autoemprego e de economía social, eficaces para a dinamización económica local e, consecuentemente, para a fixación de poboación ao territorio.

As casas niño constitúen un recurso máis que a Administración autonómica pon á disposición das familias para facilitar a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral, un obxectivo a que tamén responden a Rede de Escolas Infantís dependente da Administración autonómica; as prazas en escolas infantís de iniciativa social; o programa Bono Concilia, dotado para o curso 2016-17 con máis de 3,4 millóns de euros; e o Bono Coidado, un programa de axudas económicas a familias para a atención a domicilio de nenos/as menores de 3 anos.

## **A XUNTA AMPLIARÁ O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE LICENZAS DE OBRA NAS SOLICITUDES DE VARIAS AXUDAS DE MEDIO RURAL**

- *Deste xeito axilizarase a tramitación das achegas para apoiar os investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas por agricultores mozos e para o desenvolvemento de pequenas explotacións*
- *Coa entrada en vigor da Lei do solo de Galicia, faise necesario adaptar estes prazos á nova normativa*

A Xunta publicará en breve unha orde que permitirá ampliar o prazo de presentación da licenza de obra nas solicitudes de varias axudas que xestiona a Consellería do Medio Rural. Trátase da convocatoria de achegas para apoiar os investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas por agricultores mozos e para o desenvolvemento de pequenas explotacións, que suman 57,5 millóns de euros.

Esta convocatoria, publicada en decembro de 2015 no DOG, establecía como data límite para a presentación da preceptiva licenza de obras o vindeiro 18 de setembro deste ano 2016. Agora, para garantir que todos os solicitantes poidan obter este documento a tempo, amplíase ata o 18 de outubro a data límite para presentar a correspondente licenza.

Ademais, para aqueles solicitantes que non poidan entregar esta licenza porque, como consecuencia da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sexa necesario modificar o planeamento no seu municipio, será a resolución de axudas da Consellería do Medio Rural a que establecerá o prazo. Deste xeito, tamén se lles dá máis marxe aos concellos para aprobar os seus plans de ordenación.

Así, a modificación repercutirá positivamente tanto nos municipios como nos solicitantes que van realizar investimentos nas explotacións agrícolas e nos agricultores mozos que pretendan crear novas empresas ou pór en marcha pequenas explotacións.

Respecto ás solicitudes, recibíronse 2.379 de modernizacións de explotacións, 803 para mozos de nova incorporación e outras 70 para desenvolver pequenas explotacións.

## APROBADA A NORMA QUE PERMITIRÁ COMERCIALIZAR OS VIÑOS BAIXO A ETIQUETAXE DE “PRODUCCIÓN INTEGRADA”, MÁIS SUSTENTABLE E RESPECTUOSA CO AMBIENTE

- *O Consello da Xunta tivo coñecemento hoxe da normativa que establece as características técnicas que debe cumprir a fabricación para estar amparada por este selo*
- *Este indicativo é compatible e complementario coas correspondentes denominacións de orixe e indicacións xeográficas de Galicia*
- *Este selo interesa especialmente ás 500 adegas adscritas ás 5 denominacións de orixe e 3 indicacións xeográficas protexidas de Galicia que integran a 16.000 viticultores e comercializan anualmente uns 40 millóns de litros de viño cun valor no mercado ao redor de 180 millóns de euros*

A Consellería do Medio Rural presentou hoxe no Consello da Xunta a norma técnica pola que poderán comezar a comercializarse viños baixo a mención de Producción Integrada (PI), unha nova etiquetaxe que garante ao consumidor un produto máis sustentable e respectuoso co ambiente, así como unha calidade por riba dos estándares exixidos na normativa xeral.

Trátase este dun sistema de produción agraria máis próxima á elaboración tradicional pero que non ten por que ser ecolóxico. Utiliza ao máximo os recursos e os mecanismos de produción naturais mediante a introdución de tecnoloxías respectuosas co medio, asegurando unha produción de alta calidade e salubridade contrastada, así como a rendibilidade da explotación e a eliminación ou redución de insumos exteriores e de fontes contaminantes.

En Galicia a Producción Integrada xa estaba prevista para diferentes cultivos e produtos no seu correspondente regulamento técnico, no cal figuran as normas técnicas que se deben seguir desde a fase de obtención da materia prima ata, se é o caso, a elaboración, manipulación, envasado, etiquetaxe, almacenaxe e posta á disposición do consumidor.

Pero ata o de agora non existían normas da PI para a elaboración do viño, co cal na etiquetaxe dos viños elaborados con uva de Producción Integrada se podía indicar esta característica da materia prima, pero non se podía comercializar o viño como de Producción Integrada. Desde agora isto si será posible, polo que se poderá ofrecer ao consumidor unha garantía de que o produto ten a máxima calidade e máis é respectuoso co ambiente.

Esta mención, ademais, é compatible e complementaria con calquera das denominacións de orixe e indicacións xeográficas que existen. De feito, aínda que está

dirixida a calquera adega que cumpra os requisitos, a PI será empregada principalmente por aquelas que teñen un maior compromiso coa calidade dos viños, é dicir, algunha das 5 denominacións de orixe ou das 3 indicacións xeográficas protexidas existentes. Este sector dos viños de calidade implica 16.000 viticultores e preto de 500 adegas que comercializan anualmente uns 40 millóns de litros de viño cun valor no mercado arredor dos 180 millóns de euros.

Así, con este novo selo, revalorízanse as producións agroalimentarias galegas e sobre todo as acollidas aos diferentes indicativos de calidade, o que contribúe á imaxe positiva do noso agro.

